



Olga Novo naceu en 1975 na aldea lucense de Vilarmao (Pobra do Brollón). Licenciada en Filoloxía, exerceu a docencia no ensino secundario en Galicia e na actualidade faino na Universidade da Baixa Bretaña, en Lorient. Ten colaborado en numerosos medios e publicacións literarias especializadas galegas e españolas e forma parte do consello de redacción das revistas *Unión Libre* e *Moenia* (da USC - Campus de Lugo).

En 1996 publica o seu primeiro poemario, *A teta sobre o sol* (reeditado en 1999). En 1997 aparece *Nós nus*, que lle valeu o Premio Losada Diéguez de Creación Literaria. No 2001 publícase o libro de artista *Magnalia*, no que colabora co tamén poeta Xoán Abeleira e a pintora Alexandra Domínguez; a el séguelle *A cousa vermella* (2004). A súa última obra publicada é *Monocromos* (2006), en colaboración co pintor Concetto Pozati.

Como estudosa da literatura publicou os libros *Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer* (1996), *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (1999) e *Uxío Novoneyra: lingua loira* (Premio de Investigación Anxel Fole). Ten participado en congresos e multitude de revistas con moi diversos traballos sobre literatura, centrándose sobre todo nos estudos feministas e de xénero, nas propostas radicais conectadas co surrealismo -dende o escritor André Breton ou o cantautor Léo Ferré ata o pintor Eugenio Granell- así como coa temática erótica. Tense interesado ademais por poetas portugueses e brasileiros e, máis recentemente, polo estudo das conexións entre as culturas galega e bretoa, na procura do soño dunha apertura atlántica.

NACER DE NOVO

*Estraña son
sen dúbida*

*Pero enténdeseme moito mellor
cando deixo falar a planta alucinóxena
cando cos teus dedos podes aínda tocar
o cobre almacenado no meu fígado
cando volvo nacer
e sobre todo
cando quedo calada
e me poño a ler catro peras
ao bordo dun camiño.*

20 de decembro de 2010
Casa da Cultura
Salvador de Madariaga
(Rúa Durán Loriga, 10)
20:30 h
Entrada libre

Andrés Neuman Poetas di(n)versos



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura



Foto: Daniel Mordzinski

Andrés Neuman naceu en 1977 en Bos Aires, onde pasou a súa infancia. Fillo de músicos emigrantes, remataría de medrar en Granada, onde reside actualmente e en cuxa universidade foi profesor de literatura hispanoamericana.

Como poeta, ten publicado -entre outros- os libros de poemas *El tobogán (2002)* -que lle valeu o Premio Hiperión-, *El jugador de billar (2000)*, *La canción del antílope (2003)* e *Mística abajo*, ademais da colección de haikus urbanos *Gotas negras* e os *Sonetos del extraño*. Todos estes poemarios, xunta outros dous inéditos, foron reunidos en *Década. Poesía 1997-2007*.

A súa primeira novela, *Bariloche*, foi finalista do Premio Herralde e figurou entre as máis salientables do ano segundo *El Cultural*. As súas seguintes novelas foron *La vida en las ventanas*,

Una vez Argentina e *El viajero del siglo*. Esta última obtivo o Premio Alfaguara 2009, foi votada entre as 5 mellores do ano en lingua española polos críticos de *El País* e *El Mundo*, e posteriormente recibiu o Premio da Crítica e o Premio Tormenta á mellor novela do pasado ano.

Neuman é tamén autor dos libros de contos *El que espera*, *El último minuto* e *Alumbramiento*, do volume de aforismos e micorensaios *El equilibrista* e do libro de viaxes por Latinoamérica *Cómo viajar sin ver*. Mediante unha votación que convocou o “Hay Festival”, foi incluído na lista Bogotá-39. Tamén columnista, teórico do relato breve e traducido a multitude de idiomas, Neuman xa foi sinalado como un dos nomes clave da literatura do s. XXI por mestres como Bolaño.

(PUBIS AHORA)

*Este pubis que observas con dos canas,
con dos leves cortezas de la edad,
este imperfecto bosque con su árbol
más cansado quizá, más vulnerable
es ahora capaz en su temor,
ahora más que antes porque ha probado el tiempo
y se excita con él,
es capaz de aferrarse a su pasar,
de escalar olvidando qué es la cima,
de crecer por amor y no por fuerza.
El mismo pubis tuyo
que tan tempranamente y a su hora
te anticipa qué tejes y con qué,
adónde va tu carne compañera,
cuánta caricia esperas todavía.*

20 de decembro de 2010
Casa da Cultura
Salvador de Madariaga
(Rúa Durán Loriga, 10)
20:30 h
Entrada libre

Olga Novo Poetas di(n)versos

Barro Salgado Santana (Grupo Revisión)

Gráficas Mera C 3925-2010



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura